

ROSALÍA DE CASTRO

Un paseo pola súa vida e pola súa obra



OS POEMAS DE *CANTARES GALLEGOS*

INTRODUCCIÓN

Esta unidade didáctica enmárcase nunha serie de actividades que formulamos a partir da obra de teatro *OS POEMAS DO RÍO* (Everest Galicia, 2012) e que figuran na web www.ospoemasdorio.com.


Esta pequena obra teatral composta en verso fala dunha xornada na aula dunha mestra. A profesora le co alumnado poemas que van componendo eles/as mesmos/as e que conforman a historia dunha fraga de animais que tamén recitan.

Tanto na obra coma nos poemas, tod@s prestan especial atención á lectura de versos das poetas galegas (María Mariño, Rosalía de Castro, Francisca Herrera, Pura Vázquez e Filomena Dato) que acompañan a historia que tod@s eles van creando.

A finalidade desta obra é que o alumnado e @s mestres/as se animen a escribir poesía, a poñela en común e a ler a autoras galegas.

Ademais, o xeito no que está escrita permítelle ó profesorado traballar a poesía na aula relacionándoa co teatro, así como representar esta obra nas aulas ou mesmo no salón de actos dos centros escolares.

Neste caso, escollemos a figura de Rosalía de Castro para que o profesorado traballe a súa obra co alumnado na aula.



a. Lemos o poema que recita a lebre en "Os Poemas do Río"...

*Adiós, ríos; adiós, fontes;
adiós, regatos pequenos;
adiós, vista dos meus ollos:
non sei cando nos veremos.*

Coñeces ese poema?

Por se non estás segur@, imos escoitalo de novo
pero, desta vez, con música...

http://www.youtube.com/watch?v=86nzp0_Hafo

Ímosche ensinar uns retratos nos que aparece a súa autora: Rosalía de Castro...



b. Agora que xa viches a Rosalía de Castro, imos coñecer algo máis da súa vida...

ROSALÍA DE CASTRO (1837 – 1885)

Naceu en Santiago de Compostela e pouco sabemos de cando era pequena. Viviu entre Ortoño e Padrón, non coñecemos a seu pai pero si lle sabemos o segundo nome: Rosalía Rita.

A Rosalía, na escola, gustábanlle moito o debuxo, a música e recitar.

Cando foi maior, casou cun xornalista galego chamado Manuel Martínez Murguía. Con el tivo seis fill@s.

Cambiou moitas veces de domicilio por mor do traballo do seu home. Viviu en Madrid, Lugo, Simancas, a Coruña, Santiago, Lestrobe, Estremadura, Alacant, etc.

Rosalía nunca tivo moi boa saúde e, ademais, a morte d@s fill@s non axudaron a que estivera ben.

Compuxo os seus primeiros poemas cando tiña doce anos e ós dezasete xa era coñecida no "Liceo de San Agustín" de Santiago grazas ó seu primeiro libro *La Flor*.

O seu home animouna a publicar as cousas que escribía e foi unha das escritoras máis importantes do Rexurdimento galego e do Romanticismo español.

Morreu moi nova, ós corenta e oito anos, en Padrón, a súa casa é hoxe un museo que podedes visitar.

Botádelle unha ollada neste enlace ó seu cuarto

<http://www.turgalicia.es/fotos/IMAGENES/PANORAM/Casa%20Museo%20Rosal%C3%ADa%20de%20Castro/1-49N3DM/visor.htm>

Agora, tócache traballar a ti...

ACTIVIDADE 1

Realiza unha pequena banda deseñada sobre algún dos días na vida de Rosalía de Castro; para facelo, tes que usar os datos que acabas de coñecer dela.

Se queres usar o ordenador como axuda, podes entrar na seguinte ferramenta de banda deseñada que che axudará...

<http://www.toondoo.com/>

c. I mos ver agora cales son os libros que escribiu Rosalía de Castro...


EN GALEGO

Poesía

- *Cantares Gallegos*
- *Follas Novas*

Prosa

- *Contos da miña terra*





EN CASTELÁN

Poesía

- *La Flor*
- *A mi madre*
- *En las Orillas del Sar*

Prosa

- *La hija del mar*
- *Flavio*
- *El cadiceño*
- *Ruinas*
- *Las literatas*
- *El caballero de las botas azules*
- *El primer loco*
- *El domingo de Ramos*
- *Padrón y las inundaciones*



Aquí puedes atopar todas as súas obras...

<http://www.las9musas.net/siglo19/romanticismo/rosalia/birosal.html>

d. O poema que vimos en *Os Poemas do Río* pertence ó seu libro *CANTARES GALLEGOS*. Imos ver cales son os TEMAS dos que fala Rosalía neste libro...

• A paisaxe galega...

Pasa río, pasa, río,
co teu maino rebulir;
pasa, pasa entre as froliñas
color de ouro e de marfil,
a quen cos teus doces labios
tan doces cousas lles dis.
Pasa, pasa, mais non vexan
que te vas ao mar sin fin,
porque estonces, ¡ai, probiñas,
canto choraran por ti!

As amoriñas maduran
nas silveiras dos camiños,
nacen as froliñas brancas
por entre as canas do millo,
o río pasa que pasa,
cantan nas ponlas os xílgaros,
todo está verde e frondoso,
todo está fresco e frorido;
solo nós, Rosa, faltamos
naqueles verdes campiños.

• O amor

-Cantan os galos pra o día;
érguete, meu bená e vaite.
-¿Como me hei de ir, queridiña;
como me hei de ir e deixarte?
-Deses teus olliños negros
como doas relumbrantes,
hastra as nosas maus unidas
as bágoas ardentes caen.
¿Como me hei de ir si te quero?
¿Como me hei de ir e deixarte,
si ca lingua me desbotas
e co corazón me atraes?

• A emigración...

Castellanos de Castilla,
tratade ben ós gallegos,
cando van, van como rosas;
cando véná vén como negros.

-Cando foi, iba sorrindo;
cando veu, viña morrendo
a luciña dos meus ollos,
o amantiño do meu peito.

• A tristura

En vano a gaita tocando
unha alborada de gloria
sons polos aires espalla
que cán nas tembrantes ondas.
En vano baila contenta
nas eiras a turba louca,
que aqueles sons, tal me afrixen,
 cousas tan tristes me contan,
que eu pododo decirche:
Non canta, que chora.

Agora, tócache traballar a ti...

ACTIVIDADE 2

Elixecalquera dos poemas que acabamos de ler e debuxa, ó teu xeito, as cousas que describe Rosalía de Castro.

Agora, tócache traballar a ti...

ACTIVIDADE 3

Rosalía escribiu sobre as cousas que lle chamaban a atención: o amor, a mágoa, a paisaxe galega, etc.

Fai ti agora unha listaxe das cousas sobre as que che apetecería escribir.

e. Traballo en grupo: DEBUXANDO A ROSALÍA

Agora, tócache traballar a ti...

ACTIVIDADE 4

1. Expoñede os temas que cada un de vós escribiu no caderno.
2. En grupos, seleccionade o tema que máis vos guste.
3. Facede un poema utilizando o tema elixido tal e como fai o alumnado de *Os Poemas do Río de Castro*
4. Intercambiade os textos obtidos e ilustrade os poemas d@s compañeir@s
5. Agora que xa tedes o material... facede murais!



f. Mentres colgamos os murais na aula, aproveitemos para escoitar un novo poema de Rosalía "Un repoludo gaiteiro" cantado neste vídeo musical...

<http://youtu.be/XhuhElXzmwA>

Hai pouco, tres músic@s galeg@s (Abe Rábade, Guadi Galego e Anxo Angueira) crearon un disco "RosalíaXXI", no que lles poñen voz e música ós poemas de Rosalía. Escoita a súa *Alborada Jazz* e presta moita atención...

<http://www.youtube.com/watch?v=ssXDbleHILE>

Os Gaiteiros de Soutelo foron un grupo folclórico que houbo en Galicia a principios do século XX, eles escribiron a *Alborada de Rosalía de Castro*, escoítaa atentamente porque imos traballar con ela...

<http://www.youtube.com/watch?v=x-rqt6YrgSU>

Agora, tócache traballar a ti...

ACTIVIDADE 5

Agora, tócache a ti escribir a letra para esa *Alborada de Rosalía de Castro*, pero baseada na súa propia historia.

ACTIVIDADE 6

Imaxina que es Rosalía de Castro e tes que escribir unha carta de despedida cando deixas Galiza, podes usar como exemplo o seu poema "*Adiós ríos, Adiós fontes*" que aparece en *Os Poemas do Río*.

E agora, se te animas, mándanos as fotos do resultado das túas actividades xunto cos vosos datos (centro escolar, clase, alumn@s...) ó noso enderezo de correo electrónico

contacto@ospoemasdorio.com

Colgarémolo no noso BLOG

BIBLIOGRAFÍA

ENLACES QUE USAMOS NESTA UNIDADE

- http://gl.wikipedia.org/wiki/Cantares_gallegos#Tem.C3.A1tica_de_Cantares_Gallegos
- http://www.letrasgalegas.org/servlet/SirveObras/02587296500292784199079/p0000002.htm#I_32
- http://gl.wikipedia.org/wiki/Rosal%C3%ADa_de_Castro
- <http://www.los-poetas.com/k/biorosa.htm>
- <http://www.las9musas.net/siglo19/romanticismo/rosalia/birosal.htm>



AS ILUSTRACIÓNS DESTA UNIDADE DIDÁCTICA PERTENCEN Á ILUSTRADORA GALEGA Aurora Cascudo Román:

www.primerospinitos.blogspot.com